



ACTA XUNTA DE GOBERNO
SESIÓN ORDINARIA DE VINTE E NOVE DE NOVEMBRO DE DOUS MIL DEZANOVE
(ACTA NÚMERO 54)

Presidenta:

D^a. Tareixa Antía Ferreiro Tallón

Sres. Deputados:

D. Pablo Rivera Capón

D. Roberto Fernández Rico

D. José Luís Raposo Magdalena

D^a. Mónica Freire Rancaño

Secretaria:

D^a. María Esther Álvarez Martínez

Interventora:

D^a. Rosa Abelleira Fernández

No Salón de Comisións do Pazo Provincial, sendo as once horas do día **vinde e nove de novembro de dous mil dezanove**, baixo a Presidencia da Sra. Vicepresidenta D^a. Tareixa Antía Ferreiro Tallón, por ausencia do titular do cargo, Ilmo. Sr. D. José Tomé Roca, reúnense as señoras e señores Deputados na marxe relacionados, co obxecto de celebrar, enprimeira convocatoria, sesión ordinaria convocada para o efecto, para tratar os asuntos incluídos na Orde do Día regulamentariamente remitida, en virtude das facultades delegadas que lle confire á Xunta o artigo 59 do vixente Regulamento Orgánico desta Corporación.

Actúa de Secretaria D^a. María Esther Álvarez Martínez, e asiste a Interventora D^a. Rosa Abelleira Fernández.

Non asisten o Ilmo. Sr. Presidente D. José Tomé Roca e os señores Deputados D^a. M^a. del Pilar García Porto, D^a. Mayra García Bermúdez e D. Xosé María Arias Fernández.

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA O DÍA VINTE E DOUS DE NOVEMBRO DE DOUS MIL DEZANOVE.

Por parte do Sr. Presidente pregúntase aos Sres. Deputados, membros da Xunta de Goberno, se teñen que formular algunha observación á acta da sesión ordinaria celebrada o día vinte e dous de novembro de dous mil dezanove, que foi distribuída entre os mesmos; e ao non presentarse ningunha emenda, foi aprobada por unanimidade dos asistentes.

2.- PROPOSTA EN RELACIÓN COS ESCRITOS DAS ALCALDÍAS DE VARIOS CONCELLOS SOLICITANDO A APLICACIÓN DE REMANENTES PRODUCIDOS NA ADXUDICACIÓN DE INVESTIMENTOS INCLUÍDOS NO PLAN ÚNICO DE COOPERACIÓN COS CONCELLOS 2019.

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Visto o informe do Servizo de Contratación e Fomento, no que, entre outros se conteñen os seguintes extremos:

“En relación cos escritos das Alcaldías dos Concellos de Guitiriz e O Vicedo, no que solicitan a aplicación de remanentes producidos na adxudicación de investimentos incluídos no Plan Único de Cooperación cos Concellos 2019, infórmase o seguinte:

Polo Pleno da Deputación Provincial, na sesión ordinaria que tivo lugar o 26 de febreiro de 2019 acordouse a aprobación das Bases Reguladoras do Plan do Plan Único de Cooperación dos Concellos 2019. Ditas Bases foron publicadas no BOP nº 052 do sábado 2 de marzo de 2019,



fixándose nas mesmas, o prazo do 31 de outubro de 2019 para adxudicar e formalizar, de proceder, os contratos referentes aos investimentos incluídos no Plan.

Nas devanditas bases, concretamente na base 13ª, establécese “... os aforros producidos ou baixas obtidas nas licitacións poderán ser investidas por cada concello na mesma finalidade, e sempre que non supoña modificación orzamentaria (é dicir, con cargo ao mesmo programa de gasto que o investimento/actuación onde se producira a baixa), previa proposta do Concello”

Segundo o establecido na base 18, “Unha vez adxudicados os investimentos, o concello deberá presentar nesta deputación, de forma individual para cada investimento, a seguinte documentación:

A certificación do acordo ou resolución de adxudicación do contrato ou do acordo de execución por administración. (Anexo III ou Anexo IV).

Declaración na que se indique o lugar exacto onde se prevee colocar o cartel identificativo do investimento...”.

O Plan Único de Cooperación cos Concellos 2019 foi aprobado polo Pleno desta Deputación en sesión extraordinaria, en data 21/05/2019, figurando incluídas as obras que se sinalan e das cales se produce aforro ou remanente na adxudicación.

Os concellos indicados achegaron os correspondentes anexos III ou IV, nos que se concretan as baixas producidas nas licitacións dos investimentos incluídos no Plan Único, así como solicitude de aplicación destas nas actuacións que se relacionan:

Concello de Guitiriz

O Concello de Guitiriz presentou Anexo III de obras incluídas no Plan Único, expresando os importes de baixas que se indican a continuación, e en relación coas aplicacións orzamentarias detalladas pola intervención e que se sinalan seguidamente:

CONCELLO	Nº	IDENTIFICACIÓN /DESCRIPCIÓN	APLICACIÓN ORZAMENTARIA DIPUTACIÓN	REMANENTE ACHEGA DEPUTACIÓN
GUITIRIZ	122	OBRAS DE MANTEMENTO DO CAMIÑO DESDE SANTA MARIÑA ATA P-23-02 "GUITIRIZ-LUGO" (SANTA MARIÑA E MARIZ), P.K. 0+000 - 6+235	1531.76201	27.780,30

Así mesmo, por escrito de data 24 de novembro de 2019, o concello solicita a aplicación destas baixas, e tendo en conta o sinalado na base 13 “... na mesma finalidade, e sempre que non supoña modificación orzamentaria, previa proposta do Concello...” nas seguinte actuacións relacionadas; constátase que a aplicación dos remanentes se destina á mesma finalidade que as actuacións inicialmente propostas e nas que se ten producido a baixa respectiva, polos importes e financiamento que se indican:

CONCELLO	Nº	IDENTIFICACIÓN /DESCRIPCIÓN	APLICACIÓN ORZAMENTARIA DIPUTACIÓN	ACHEGA CONCELLO	ACHEGA DEPUTACIÓN	TOTAL INVESTIMENTO
GUITIRIZ	REM	REPARACIÓN DE CAMIÑO DE ACCESO DENTE OS FIDALGOS A PENA DO LEITO (STA MARIÑA)	1531.76201	0,00	21.159,18	21.159,18
		ACONDICIONAMENTO DE CAMIÑOS MUNICIPAIS NA PARROQUIA DE LAGOSTELLE (SAN XOA)	1531.76201	2.806,37	6.621,12	9.427,49

Concello de O Vicedo

O Concello de O Vicedo presentou Anexo III de obras incluídas no Plan Único, expresando os importes de baixas que se indican a continuación, e en relación coas aplicacións orzamentarias detalladas pola intervención e que se sinalan seguidamente:

CONCELLO	Nº	IDENTIFICACIÓN /DESCRIPCIÓN	APLICACIÓN ORZAMENTARIA DIPUTACIÓN	REMANENTE ACHEGA DEPUTACIÓN
O VICEDO	321	MANTEMENTO E MELLORA DE ACCESOS A GÁNDARA-MOSTEIRO, FEIXEIRO-CABANA, CAROCEIRO, MANXOFRÍO DA CO, O SIXTO, VILAR-PONTE DO PORTO, PONTE DO PORTO-REGO, O CHAO, RIOBARBA, DO CHAO Á FORQUETA, A FORQUETA, MURONOVO, O PAZO, CONGOSTRAS-SERANTES, SERANTES, A GARVIDE 1, A GARVIDE 2, A BROSA E MOREIRAS, INCLÚIDO HONORARIOS	1531.76201	13.516,62

Así mesmo, por escrito de data 08 de novembro de 2019, o concello solicita a aplicación destas baixas, e tendo en conta o sinalado na base 13 “... na mesma finalidade, e sempre que non supoña modificación orzamentaria, previa proposta do Concello...” nas seguinte actuacións relacionadas; constátase que a aplicación dos remanentes se destina á mesma finalidade que as actuacións inicialmente propostas e nas que se ten producido a baixa respectiva, polos importes e financiamento que se indican:



CONCELLO	Nº	IDENTIFICACIÓN /DESCRIPCIÓN	APLICACIÓN ORZAMENTARIA DIPUTACIÓN	ACHEGA CONCELLO	ACHEGA DEPUTACIÓN	TOTAL INVERTIMENTO
O VICEDO	REM	ACONDICIONAMENTO DE ACCESOS NO NÚCLEO RURA DE IGREXA, CABANAS	1531.76201	11.544,84€	13.516,62€	25.061,46

Tendo en conta as solicitudes dos sinalados concellos, de ser vontade desta Corporación acceder ao solicitado, o órgano que deberá adoptar o devandito acordo é a Xunta de Goberno desta Deputación, de conformidade co establecido na base 13 das do Plan Único 2019, “... Os investimentos así financiados con cargo aos aforros ou baixas de licitación someteranse a aprobación da Xunta de Goberno da Deputación Provincial unha vez recibida e tramitada a proposta municipal...”.

Polo que va dito, infórmase favorablemente a financiación dos investimentos identificados polos importes indicados, con cargo aos aforros ou remanentes producidos na adxudicación de investimentos incluídos inicialmente polos respectivos Concellos, no Plan Único 2019, debendo estar xustificada a súa execución no mesmo prazo que o establecido para os investimentos incluídos inicialmente, ou prórrogas outorgadas no seu caso.

A vista do anterior, propónse que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

1º.- Acceder ao solicitado polas Alcaldías dos Concellos de Guitiriz e O Vicedo e incluír como investimentos financiados con cargo aos remanentes producidos en adxudicacións dos investimentos incluídos inicialmente, o investimento/s que deseguido se indica co financiamento que se detalla, e que deberá estar xustificado a súa execución no mesmo prazo que os investimentos incluídos inicialmente, ou prórrogas outorgadas, no seu caso.

CONCELLO	Nº	IDENTIFICACIÓN /DESCRIPCIÓN	APLICACIÓN ORZAMENTARIA DIPUTACIÓN	ACHEGA CONCELLO	ACHEGA DEPUTACIÓN	TOTAL INVERTIMENTO
GUITIRIZ	REM	REPARACIÓN DE CAMIÑO DE ACCESO DENDE OS FIDALGOS A PENA DO LEITO (STA MARIÑA)	1531.76201	0,00	21.159,18	21.159,18
	REM	ACONDICIONAMENTO DE CAMIÑOS MUNICIPAIS NA PARROQUIA DE LAGOSTELLE (SAN XOA)	1531.76201	2.806,37	6.621,12	9.427,49
O VICEDO	REM	ACONDICIONAMENTO DE ACCESOS NO NÚCLEO RURA DE IGREXA, CABANAS	1531.76201	11.544,84€	13.516,62€	25.061,46

2º.- Dar traslado do presente aos Concellos indicados para ao seu coñecemento e aos efectos expresados no acordo.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

3.- PROPOSTA DE MODIFICACIÓN, SE PROCEDE, DA CONTRATACIÓN DOS SERVIZOS DE PREVENCIÓN DE RISCOS LABORAIS.

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Antecedentes administrativos

Incoouse expediente administrativo, co obxecto de proceder á contratación co obxecto de proceder á contratación dos servizos de prevención de riscos laborais. Coas características especificadas no prego de cláusulas administrativas e nos pregos técnicos, aprobados pola Xunta de Goberno, en sesión ordinaria, de data 24 de febreiro do 2017.

Acordo da Xunta de Goberno de data 17 de marzo do 2017, polo que se aproba a modificación dos pregos de cláusulas administrativas particulares e dos pregos de prescricións técnicas para a contratación dos servizos de prevención de riscos laborais.

Unha vez realizados os trámites procedentes, por acordo da Xunta de Goberno en sesión de data 29 de decembro de 2017, adxudicouse o contrato do servizo de prevención de riscos laborais, a favor da entidade CUALTIS, S.L.U e comprométese a executar o obxecto do contrato en cumprimento do recollidos nos pregos de cláusulas administrativas e nos pregos de prescricións técnicas ademais das condicións recollidas na oferta presentada, sendo as condicións económicas as enumeradas a continuación.

Prezo do servizo de prevención parte técnica

EMPRESA	PREZO OFERTADO/ANO (I.V.E. NON ENGADIDO)
CUALTIS, S.L.U.	8.100,00

Prezo da vixilancia da saúde



Prezo da vixilancia na saúde (parte fixa)

EMPRESA	PREZO OFERTADO/ANO (SEN I.V.E.)
CUALTIS, S.L.U.	4.500,00

Prezo por recoñecemento médico (330 recoñecementos médico/ano)

EMPRESA	PREZO OFERTADO (I.V.E. EXENTO)
CUALTIS, S.L.U.	33,50

Formación

EMPRESA	HORAS OFERTADAS
CUALTIS, S.L.U.	9.570 horas

Na data do 01 de febreiro de 2018 asinouse o contrato administrativo coa entidade CUALTIS, S.L.U. O contrato ten unha duración de 2 anos inicialmente, podendo ser obxecto de prórroga por outros dous anos máis (de ano en ano), ata un máximo de 4 anos.

O día 23 de maio de 2019, o Servizo de Contratación e Fomento recibe un informe-proposta do servizo de Prevención Aleo onde solicita iniciar a tramitación da pertinente modificación co fin de dar cumprimento ao disposto no artigo 31.3 da Lei 31/1995, de 8 de novembro, de Prevención de Riscos Laborais aos traballadores dos centros de atención a persoas maiores (Residencias de Pol, Trabada e Ribadeo) e os antigos traballadores da Fundación TIC, agora empregados do Servizo de Audiovisuais da Deputación Provincial de Lugo, polo que deben ser adheridos tanto o persoal como os centros ao contrato de prestación do servizo de Prevención Aleo firmado coa mercantil CUALTIS, S.L.U., o que xustifica a necesidade desta modificación.

O día 18.11.2019 presenta Anexo ao informe-proposta para o aumento da dotación económica para o contrato da prestación do servizo de prevención alleo e posteriormente con data 25.11.2019 presenta un novo anexo que substitúe ao anterior de data 18.11.2019 no que cuantifica

económicamente o importe económico que supón a modificación, sendo esta dun 9,73% do importe total do inicialmente contratado, o que suporía un importe total (IVE incluído) de 5.119 euros.

Desglose do custe económico da modificación.

Prezo do Servizo de Prevención Parte Técnica:

2.600 euros (IVE non incluído).

(Incrementábase o importe da parte técnica debido a que nos centros de atención a maiores a lei obriga a realizar un plan de autoprotección a maiores da avaliación de riscos dos postos de traballo para proceder á apertura das mesmas).

Prezo da Vixilancia da Saúde:

Prezo da vixilancia da saúde (parte fixa): 800 euros (IVE non incluído).

Prezo por recoñecemento médico (30 recoñecementos médicos): 1.005 euros (IVE exento).

Feitos

Mediante acordo da Xunta de Goberno da Deputación Provincial de 10 de abril de 2018 aprobouse un Convenio marco interadministrativo de cooperación entre os concellos da provincia e a Deputación de Lugo, para implantar e executar un sistema de servizos sociais en centros de atención a persoas maiores.

O día 31 de xullo de 2018 aprobouse en sesión Plenaria a extinción da Fundación TIC, asumindo a Deputación de Lugo as súas competencias, actividades, servizos e subrogando ao seu persoal a través da creación dun novo Servizo de Audiovisuais, aprobando o 1 de xaneiro de 2019 un regulamento de funcionamento do novo servizo, que agora pasa a ser xestionado directamente pola Deputación.



Por todo o anterior, os traballadores dos centros de atención a persoas maiores e os antigos traballadores da Fundación TIC, agora empregados do Servizo de Audiovisuais da Deputación Provincial de Lugo, están tamén xestionados pola Deputación en materia de Prevención de Riscos Laborais, polo que deben ser adheridos tanto o persoal como os centros ao contrato de prestación do servizo de Prevención Alleo firmado coa mercantil QUALTIS, S.L.U.

Lexislación aplicable

Polo que se refire á lexislación aplicable ao contrato, o contrato asinouse o 1 de febreiro de 2018, estando en vigor o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, aprobado por Real Decreto Lexislativo 3/2011, do 14 de novembro. De acordo coa Disposición transitoria primeira da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, os contratos adxudicados con anterioridade a súa entrada en vigor rexeranse pola lexislación anterior en canto a os seus efectos, cumprimento e extinción, incluída a súa modificación, duración e réxime de prórrogas, polo que aquela será a lexislación aplicable ao contrato.

O Real Decreto Lexislativo 3/2011 do 14 de novembro polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público (TRLCSPP), no seu artigo 107 regula as modificacións de contrato non previstas na documentación que rexe a licitación, como é o caso. No seu punto 1, indica as circunstancias e coa concorrencia delas, xustificadamente poderá modificarse o contrato. Neste caso esténdese que concorre a causa prevista na letra a) do Art. 107.1 e tamén poderá ter cabida a prevista na letra b) do citado Art.107.1

Neste caso entenderase que concorre a causa prevista na letra b) do Art 107.1.

“A inadecuación das especificacións da prestación por causas obxectivas que determinen á súa falta de idoneidade e que non fosen previsibles con anterioridade aplicando toda a dilixencia requirida de acordó cunha boa práctica profesional na elaboración do proxecto o una redacción das especificacións técnicas.”

En todo caso, o Art. 107.2 do TRLCSPP determina que a modificación do contrato acordado conforme o previsto neste artigo, non poderá alterar as condicións esenciais da licitación e

adxudicación, e deberá limitarse a introducir as variacións estrictamente indispensables para responder á causa obxectiva que fora necesaria.

As modificacións que se presentan neste documento, non alteran as condicións esenciais da licitación e adxudicación, posto que, segundo o estipulado no art.º 107.3 TRLCSP.

Non se varían substancialmente a función e características esenciais da prestación.

Non se altera a relación entre a prestación contratada e o prezo, tal e como esa relación quedou definida polas condicións da adxudicación.

Para a prestación modificada non é necesaria unha habilitación profesional diferente da esixida para o contrato inicial ou unas condicións de solvencia substancialmente distintas.

A modificación do contrato é inferior ao 10% do prezo de adxudicación do contrato, ésta supón un incremento do 9,73% do prezo do contrato, pasando de 52.602,00 € a 57.721 €.

De ter sido coñecida previamente a modificación, presúmese que os interesados que tivesen concurrido ao procedemento de adxudicación, ou que os licitadores que tomaron parte neste, non tivesen presentado ofertas substancialmente diferentes ás formuladas.

Prezos

No informe emitido polo Servizo de Prevención, expón que o importe da cotización para a ampliación de capital para a inclusión dos traballadores dos centros de atención a persoas maiores e os antigostraballadores da Fundación TIC, agora empregados do Servizo de Audiovisuais da Deputación Provincial de Lugo, realizouse en base aosprezos de mercado.

Non se modifica a relación entre a prestación contratada e o prezo tal e como quedou definido nas condicións de adxudicación” Art. 107.3 letra b) do TRLCSP.

Consideracións Xurídicas



En aplicación do previsto no Art. 105.2 do TRLCSP a modificación do contrato non poderá realizarse coa finalidade de adicionar prestacións complementarias ás inicialmente contratadas, ampliar o obxecto do contrato a fin de que podan cumprir finalidades novas non contempladas na documentación preparatoria do mesmo, ou incorporar unha prestación susceptible de utilización ou aproveitamento independente.

Na ampliación do contrato realízase sobre unha cobertura xa existente sen adicionar unha prestación complementaria ás coberturas inicialmente contratadas.

En canto ás modificacións non previstas na documentación que rexe na licitación (como é o caso que nos ocupa) solo poderá efectuarse cando se xustifique suficientemente a concorrencia dalgunha das seguintes circunstancias:

Inadecuación da prestación contratada para satisfacer as necesidades que pretenden cubrirse mediante o contrato debido a erros u omisións padecidos na redacción do proxecto ou das especificacións técnicas.

Inadecuación do proxecto ou das especificacións da prestación por causas obxectivas que determinen a súa falta de idoneidade, consistentes en circunstancias de tipo xeolóxico, hídrico, arqueolóxico, medioambiental ou similares, postas de manifesto con posterioridade á adxudicación do contrato e que non fosen previsibles con anterioridade aplicando toda a dilixencia requirida acorde con unha boa práctica profesional na elaboración do proxecto ou na redacción das especificacións técnicas.

Forza maior ou caso fortuíto que fixesen imposible a realización da prestación nos termos inicialmente definidos.

Conveniencia de incorporar á prestación avances técnicos que a melloren notoriamente, sempre que a súa dispoñibilidade no mercado, acorde co estado da técnica, se haxa producido con posterioridade á adxudicación do contrato.

Necesidade de axustar a prestación a especificacións técnicas, medioambientais, urbanísticas, de seguridade ou de accesibilidade aprobadas con posterioridade á adxudicación do contrato.

En todo caso, a modificación do contrato acordado ao abeiro do Art. 107.1 do TRLCSP non poderá alterar as condicións esenciais da licitación e adxudicación do contrato (Art. 107.2) fixando o parágrafo terceiro os supostos en que “*ex lege*” se produce esa alteración das condicións esenciais da licitación.

A documentación remitida a este Servizo de Contratación e Fomento pola Servizo Xestor, o servizo de Prevención, xustifica a concorrencia das circunstancias que habilitan á modificación non prevista na documentación que rexe a licitación (Art. 107.1 TRLCSP). Este servizo entende que concorre a circunstancia relacionada na letra b) deste precepto:

Inadecuación da prestación contratada para satisfacer as necesidades que pretenden cubrirse mediante o contrato debido a erros ou omisións padecidos na redacción do proxecto ou das especificacións técnicas.

Inadecuación do proxecto ou das especificacións da prestación por causas obxectivas que determinen a súa falta de idoneidade, consistentes en circunstancias de tipo xeolóxico, hídrico, arqueolóxico, medioambiental ou similares, postas de manifesto con posterioridade á adxudicación do contrato e que non fosen previsibles con anterioridade aplicando toda a dilixencia requirida acorde con unha boa práctica profesional na elaboración do proxecto ou na redacción das especificacións técnicas.

Non se alteran as condicións esenciais da licitación e adxudicación.

A modificación do contrato é inferior ao 10% do prezo de adxudicación do contrato, supón un incremento do 9,73% (5.119 euros) do prezo do contrato, pasando de 52.602,00 € a 57.721 €.



No que atinxe ao procedemento establecido no Art. 211 do TRLCSP a modificación aparece consentida polo contratista, CUALTIS, S.L.U., no escrito de data 21 de novembro de 2019, con entrada nesta Deputación o día 26.11.2019, de modo que se pode entender cumprido o trámite de audiencia.

A modificación do contrato conleva o reaxuste da garantía nos termos establecidos no Art. 99.3 do TRLCSP que a estes efectos establece a obriga do reaxuste das garantías naqueles supostos de modificación do contrato con variación do seu prezo, para que aquela (a garantía) garde proporción co novo prezo modificado; o reaxuste en proporción ao novo prezo (5% do aumento de prezo) deberá efectuarse dentro do prazo de quince días, contados desde a data de notificación ao empresario do acordo de modificación.

Aos efectos do establecido na base 36, apartado 1.3.11.4 das bases de execución do orzamento 2019,enténdese dende o servizo de contratación e fomento que se cumpren as esixencias dos Artigos 107.1 e 3 do TRLCSP.

Órgano competente:Tendo en conta que o Pego de Cláusulas Administrativas Particulares reitor do contrato establece na súa cláusula 2- “O órgano de contratación que actúa en nome da Deputación provincial de Lugo, é a Xunta de Goberno, no que se refire á aprobación dos pregos de prescricións técnicas e cláusulas administrativas e á adxudicación. Nos restantes actos procedimentais o órgano competente será a Presidencia.”, o órgano competente para resolver sobre o asunto é a Xunta de Goberno.

Conclusión: En atención as consideracións expostas e atendendo a xustificación da modificación efectuada infórmase favorablemente a modificación co fin de dar cumprimento ao disposto no artigo 31.3 da Lei 31/1995, de 8 de novembro, de Prevención de Riscos Laborais aos traballadores dos centros de atención a persoas empregados do Servizo de Audiovisuais da Deputación Provincial de Lugo, unha vez fiscalizado o expediente pola Intervención; xa que logo entende o que subscribe que procede que polo órgano de contratación se adopte o seguinte acordo:

1º.-Aprobar o a modificación do contrato, cun aumento do prezo de adxudicación en 5.119 euros (IVE engadido),ésta supón un incremento do 9,73% do prezo do contrato, pasando de 52.602,00 € a 57.721,00 €, mantendo inalteradas o resto das condicións da prestación.

Desglose do custe económico da modificación.

Prezo do Servizo de Prevención Parte Técnica:

2.600 euros (IVE non incluído).

Prezo da Vixilancia da Saúde:

Prezo da vixilancia da saúde (parte fixa): 800 euros (IVE non incluído).

Prezo por recoñecemento médico (30 recoñecementos médicos): 1.005 euros (IVE exento).

2º.- O importe da modificación do contrato ascende a 5.119 euros IVE engadido, eFinansiase con cargo a anualidade 2019:

Anualidade 2019	5.119 euros IVE engadido
-----------------	--------------------------

3º.- Adxudicar este modificado a CUALTIS, S.L.U., que prestou a súa conformidade ao mesmo, cun prezo resultante de57.721,00 €.

4º.- A empresa adxudicataria reaxustará a garantía definitiva ao 5% do importe de adxudicación, unha vez modificado o contrato, no prazo de 15 días dende a notificación do presente acordo.

5º.- Formalizar dita modificación en documento administrativo.”



A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

4.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO PLAN DE MEDIOS 2019.

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“A actividade publicitaria que desenvolven as Administracións Públicas é, fundamentalmente, de carácter institucional. A publicidade institucional, entendida en sentido amplo, comprende todos aqueles actos de contratación publicitaria que sexan satisfeitos por un ente ou institución pública, cuxo obxecto sexa dar coñecemento das súas actividades cunha vocación de difusión xeral; o que se manifesta xeralmente na súa inclusión en máis dun medio de comunicación (STSJ Andalucía (Málaga), do 12 de xullo de 1999).

Polo tanto, enténdese por publicidade institucional aquela actividade comunicativa que, orientada á difusión dunha mensaxe común, realiza a Deputación de Lugo para dar a coñecer aos cidadáns os seus dereitos e abrigas, os servizos que presta e as actividades e proxectos que desenvolve. É unha publicidade radicalmente distinta á publicidade de carácter político e da publicidade das disposicións normativas, resolucións e actos administrativos ou xudiciais.

Os poderes públicos teñen o deber de informar aos cidadáns dos servizos públicos que prestan, e de todos aqueles extremos que sexan necesarios para que exerzan os seus dereitos e cumpran os seus deberes. Actividade, esta, que ha de ser puramente informativa, desprovista de todo matiz laudatorio da acción deses poderes ou dos seus titulares (STS, Sala 3 a, Sección 8 a, do 14 de xuño de 2010).

Neste senso, hai que sinalar tamén que o dereito á información é un dereito instrumental para garantir outros. É a pedra sobre a que se sustentan o resto de liberdades. De aí que se convirta en obriga informar da súa actividade, das súas iniciativas e dar difusión da utilidade dos seus produtos e servizos.

A publicidade institucional desta Deputación de Lugo está destinada a informar e promover:

O coñecemento e promoción dos valores e principios constitucionais así como a promoción de condutas que reforcen valores como a democracia, a liberdade, a igualdade, o respecto a diversas ideoloxías e crenzas, a convivencia pacífica e a solidariedade.

A natureza dos servizos que presta a Deputación de Lugo así como a difusión das súas actuacións e programas que teñan repercusión e interese público e social.

A información detallada e de modo transparente acerca dos proxectos, investimentos e a xestión desta Entidade provincial.

Por outra banda, como destaca no seu preámbulo a Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, a transparencia, o acceso á información pública e as normas de bo goberno deben ser os eixos fundamentais de toda acción política. A transparencia e a publicidade activa constitúen dous piares estratéxicos e fundamentais sobre os que a actual Corporación Provincial pretende sustentar as súas políticas de Goberno, na procura dunha Administración moderna, aberta e ao servizo da cidadanía

Con carácter xeral, a contratación dos servizos de inserción de publicidade institucional da Deputación de Lugo é promovida polo Gabinete de Comunicación. Non obstante o anterior, as diferentes áreas da entidade provincial tamén planifican e promoven a contratación dos mencionados servizos para trasladar á cidadán información máis detallada sobre algunha iniciativa, proxecto, actividade ou información que sexa necesario facer chegar ao maior número de persoas posibles, labor esta que realizan, coa coordinación necesaria do Gabinete de Comunicación.

Coa finalidade de cumprir dun xeito eficaz e eficiente cos obxectivos da publicidade institucional da entidade provincial, garantir a súa transparencia e ordenar, coordinar e optimizar os recursos e as accións promovidas para acadar tales fins a través dos medios propios e dos medios externos anteriormente sinalados, fíxose necesaria elaboración dun Plan de Medios que respectase



as marcas identificativas da Deputación de Lugo, dote de uniformidade todas as campañas de difusión e marque as pautas e a estratexia de comunicación da Deputación. Así, a principios do presente ano o Gabinete de Comunicación considerou oportuno elabora un plan de medios que servise de guía para a realización das diferentes campañas de publicidade e de comunicación para a anualidade 2019.

Habitualmente as iniciativas dos plans de comunicación xorden do propio Gabinete de Comunicación, pero en outras ocasións son o resto de servizos da Deputación os que precisan realizar campañas de comunicación das súas áreas ou proxectos concretos, é por iso que se procede dar traslado deste Plan de Medios á Xunta de Goberno da Deputación de Lugo para que, se o considera oportuno, revise a probe dito documento e se estableza como unha guía básica non só a nivel do Gabinete de Comunicación senón de todos os actos de comunicación e difusión que se realicen dende a Deputación de Lugo.

Por outro lado tense previsto revisar, reforzar, ampliar e complementar este plan de medios, dotándoo de novas ferramentas que permitan definir a estratexia de comunicación da Deputación de Lugo para os vindeiros catro anos e que se convirta na base a través da cal se rexan todas as actuacións de difusión e campañas publicitarias. Para levalo a cabo contarase co apoio de expertos externos, co obxectivo de desenvolver o actual e ampliálo en alcance e en nivel de detalle. Estímase que este novo plan de medios, estará listo para a súa aprobación antes de rematar o primeiro trimestre de 2020, mentres tanto cómpre prorrogar o actual.

En base ao anterior, proponse a Xunta de Goberno da Deputación de Lugo, se considera oportuno, proceder a:

1º.- Aprobar o Plan de Medios 2019 da Deputación de Lugo (anexo), elaborado en xaneiro de 2019, e poñelo a disposición do resto de servizos da Deputación.

2º.- Ampliar o alcance do plan de medios de 2019 ata que se aprobe o novo plan de medios de 2020- 2024, no primeiro trimestre de 2020.”

Intervén a Sra. Vicepresidenta, dona Tareixa Antía Ferreiro Tallón para propoñer que se inclúa no acordo o compromiso expreso de que este novo Plan de Medios se faga no primeiro trimestre do ano.

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita, co engadido manifestado pola Sra. Vicepresidenta.

5.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DOS PREGOS DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES E DE PRESCRICIÓNS TÉCNICAS E O EXPEDIENTE PARA A CONTRATACIÓN POR LOTES DA CAMPAÑA DE PUBLICIDADE DESTA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PROMOCIÓN DOS CONCELLOS DA PROVINCIA, DIFUSIÓN DE INICIATIVAS DEPORTIVAS E CULTURAIS E FOMENTO DO TURISMO DE CERCANÍA.

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

Lotes:

Lote 1: Promoción e posta en valor de cada un dos concellos da provincia de Lugo e difusión e promoción das iniciativas deportivas e culturais a desenvolver pola Deputación.

Lote 2: Promoción e difusión dos catro xeodestinos turísticos da provincia de Lugo, para fomentar o turismo de cercanía.

Os efectos de aprobación do expediente de contratación, consta no mesmo:

Proposta de inicio de expediente de contratación con CSV:
IV6R5TINCBRL7PPDATYW6EBFKI.

Memoria xustificativa do expediente de contratación con CSV:
IV6R5TIMKHU6ZCWNYYNYGO47CCE.



Prego de prescricións técnicas, con CSV: IV6R5WYYH4F44WE2ALXG4UJBJY.

Informe de Intervención relativo á existencia e adecuación de crédito con CSV: IV6R427YH5U3VNHSAJNWB5C6CY.

Prego de cláusulas administrativas particulares, con CSV: IV6R6SP52AXMRTO42N4M6AHP4U.

Informe xurídico firmado polo Asesor Técnico de Contratación, e conformado pola Secretaria Xeral, con CSV: IV6R5XA23EXMSXWOU5INO5AUH4.

Informe xurídico complementario, con CSV: IV6R6STKOAF4X6G4WPQTHZPHAU.

Informe de Intervención, con CSV: IV6R6STCPB5IVD5DWJ7U6RBE6U.

Á vista do exposto, remítese o expediente correspondente a dito contrato e propónse que, pola Xunta de Goberno, se adopten os seguintes acordos:

Aprobar a contratación da campaña de publicidade da Deputación Provincial de Lugo de promoción dos concellos da provincia , difusión de iniciativas deportivas e culturais e fomento do turismo de cercanía. EXP0045SE19-NSO, dividido en dous lotes:

Lote 1: Promoción e posta en valor de cada un dos concellos da provincia de Lugo e difusión e promoción das iniciativas deportivas e culturais a desenvolver pola Deputación.

Lote 2: Promoción e difusión dos catro xeodestinos turísticos da provincia de Lugo, para fomentar o turismo de cercanía.

Cunha duración ata o 30 de abril de 2020 e sen posibilidade de prórroga.

Aprobar o contido integro do expediente incluídos os pregos de cláusulas administrativas particulares e prescricións técnicas que rexerán na licitación do contrato sinalado no parágrafo

anterior, nos que se conteñen, de acordo co establecido na norma, e o informado no expediente, os criterios de solvencia técnica e económica de xeito adecuado e proporcionado á natureza da prestación, así como os criterios de puntuación, que se recollen de maior a menor considerando a adecuación do criterio e a puntuación relativa outorgada a cada un deles para a selección da mellor oferta calidade- prezo, e a satisfacción das necesidades que motivaron o contrato e obtención de melloras na fase de negociación.

Aprobar e dispoñer o procedemento de adxudicación, que é o procedemento negociado sen publicidade aberto con pluralidade, de acordo co establecido nos artigos 116.4.a), 131.2, 168, e 170 da LCSP, nos termos do artigo 131 da citada lei, e con aplicación dos criterios que se detallan no PCAP para a determinación da mellor oferta e de acordo cos artigos 145, 146 e 166.2 da LCSP (sobre aspectos económicos e técnicos que han de ser obxecto de negociación). E de conformidade co previsto na normativa; dispoñer a apertura do mesmo, mediante convite a El Progreso para o lote 1 e a La Voz de Galicia para o lote 2 a través das direccións habilitadas na Plataforma de Contratos do Estado (www.contrataciondelestado.es). Facultando ao Servizo de Contratación e Fomento para que curse convite aos licitadores.

Aprobar o gasto segundo o orzamento base de licitación deste contrato que ascende a 405.563,93 euros. O orzamento base de licitación inclúe 70.387,13 euros en concepto de imposto sobre o valor engadido (IVE), na porcentaxe do 21%; importe que se engade aos 335.176,80 euros de base, de acordo co establecido no artigo 100.1 da LCSP, atendendo ao seguinte desglose por anualidades e lotes:

Lote	Prezo Unitario (sen IVE)	Nº de Insercións	Total	Total (con IVE)
Lote 1	1.556,10	88	136.936,80	165.693,53
Lote 2	6.195,00	32	198.240,00	239.870,40

Lote	Anualidade 2019	Anualidade 2020	Total
Lote 1	116.982,56	48.710,97	165.693,53
Lote 2	118.870,40	121.000,00	239.870,40
Total	235.852,96	169.710,97	405.563,93



A Deputación debe adquirir o compromiso, supeditado a dispoñibilidade orzamentaria e ao cumprimento dos principios de estabilidade orzamentaria e sostenibilidade financeira, de incluír nos orzamentos da anualidade 2020 a cantidade 169.710,97€, nas aplicacións sinaladas.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

6.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE CONVENIOS E MODIFICACIÓNS DE CONVENIOS DE COLABORACIÓN CON DISTINTAS ENTIDADES E CONCELLOS.

Primeiro.- *Convenio canalizador da subvención directa excepcional outorgada por esta Deputación de Lugo a Hijas del Divino Celo Rogacionistas co obxecto de colaborar no financiamento dos gastos derivados da execución da actuación “Obras de mellora na zona de xogo infantil, xardíns e pista multideporte no centro de menores San Aníbal de Burela” na anualidade 2019.*

Logo de ver a proposta do Sr. Deputado Delegado da Área de Promoción Económica e Social do seguinte teor:

“Resultando que no expediente relativo ao convenio da subvención directa de carácter excepcional a conceder a Hijas del Divino Celo Rogacionistas, co obxecto de colaborar no financiamento dos gastos derivados da actuación “Obras de mellora na zona de xogo infantil, xardíns e pista multideporte no centro de menores San Aníbal de Burela”, polo importe de 32.900,00 €, constan entre outros, os documentos que se detallan a continuación:

Informe emitido pola Unidade Administrativa Xestora que acredita a existencia de motivación suficiente, de concorrencia das razóns que habilitan a utilización deste procedemento excepcional.

Existencia de convenio que instrumenta a subvención antes mencionada.

Declaración responsable do beneficiario de non estar incurso en ningunha das prohibicións previstas nos apartados 2 e 3 do artigo 13 da LXS, e demais normativa de aplicación, nos termos que se establecen nas Bases de Execución do Orzamento 2017.

Informe da unidade administrativa xestora, no que se manifesta que segundo os datos que están no seu poder, o beneficiario reúne todos os requisitos para optar á subvención.

Informe favorable do Servizo de Contratación e Fomento sobre o texto do convenio.

Informe favorable da Secretaría sobre o texto do convenio.

Informe de fiscalización limitada previa do expediente, emitido pola Intervención Xeral e cuxo resultado é de conformidade.

No presente caso, trátase dunha actividade cuxa finalidade está recollida no Plan Estratéxico de Subvencións da Deputación 2017-2019, aprobado por acordo da Xunta de Goberno de data 23 de xuño de 2017 e actualizado por acordo da Xunta de Goberno o 8 de febreiro de 2019, en concreto, encádrase nas actuacións específicas c) subvencións directas excepcionais da liña 3.2.1. Benestar Social, xestionada actualmente dende Benestar Social da Área Promoción Económica e Social, do vixente Plan Estratéxico de Subvención da Deputación de Lugo, xa que na mesma se recolle como obxectivos contribuír a aumentar os niveis de benestar social da poboación da provincia de Lugo no sentido máis amplo (mellorando a súa calidade de vida, contribuíndo a unha sociedade máis igualitaria de oportunidades para todos os colectivos, especialmente daqueles máis vulnerables, e na que os aspectos sociais teñan unha maior relevancia), intentando acadar un verdadeiro “estado de benestar”.

Por todo o anteriormente exposto, propónse que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

1º.- Aprobar a excepcionalidade e outorgar unha subvención directa excepcional, por importe de 32.900,00 €, a favor das Hijas del Divino Celo Rogacionistas, para sufragar gastos derivados da actuación “Obras de mellora na zona de xogo infantil, xardíns e pista multideporte no



centro de menores San Aníbal de Burela” subvención incluída nas actuacións específicas c) subvencións directas excepcionais, da liña 3.2.1. Benestar Social, do Plan Estratéxico de Subvencións vixente da Deputación Provincial de Lugo.

2º.- Aprobar o gasto de 32.900,00 € con cargo á aplicación orzamentaria 2314.789 do vixente orzamento da Deputación Provincial de Lugo para o ano 2019, a favor das Hijas del Divino Celo Rogacionistas, para sufragar os gastos derivados da actuación “Obras de mellora na zona de xogo infantil, xardíns e pista multideporte no centro de menores San Aníbal de Burela”, no ano 2019.

3º.- Aprobar o convenio e anexos a través do que se instrumenta a citada subvención, que se achega con este informe.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

Segundo.- *Proposta relativa ao convenio interadministrativo de cooperación entre esta Deputación de Lugo e o Concello de Monforte de Lemos coa finalidade común de colaborar na acondicionamento do Parque de Cobas en Monforte, incluído honorarios facultativos de dirección de obra.*

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Visto o informe– proposta do Servizo de Contratación e Fomento, relativo ao convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e o concello de Monforte de Lemos, coa finalidade común de colaborar no acondicionamento do Parque de Cobas en Monforte, incluído honorarios facultativos de dirección de obra, que dispón o seguinte:

“En relación co asunto de referencia procede emitir o seguinte informe:

Antecedentes de feito:

Proposta de borrador de convenio interadministrativo entre a Deputación Provincial de Lugo e o concello de Monforte de Lemos.

D. José Tomé Roca, Alcalde do concello de Monforte de Lemos achega escrito de solicitude de relación interadministrativa (público- público); de data 06/11/2019; de data 14/11/2019 de data 18/11/2019, ao que acompaña declaración responsable de estar ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias, da Seguridade Social e da Facenda Autonómica impostas polas disposicións vixentes así como de non ter débedas con esta Deputación en período executivo, así como proxecto da obra, para a realización conxunta entre o concello de Monforte de Lemos e a Deputación de Lugo, das actuacións de: acondicionamento do Parque de Cobas en Monforte, incluído honorarios facultativos de dirección de obra, nas que conflúen os respectivos títulos competenciais, para satisfacer demandas veciñais de xeito eficiente.

Este convenio ten por obxecto establecer as bases da relación interadministrativa de cooperación entre o concello de Monforte de Lemos e a Deputación Provincial de Lugo en exercicio dunha competencia compartida, para acadar o obxectivo de executar os fins comúns de: acondicionamento do Parque de Cobas en Monforte, incluído honorarios facultativos de dirección de obra. Esta acción colaborativa non conforma prestacións propias dos contratos, regulados na lexislación de contratos do sector público ou en normas administrativas especiais, comprometéndose a realizar os seguintes investimentos:

Investimento:	Achega Deputación	Achega Concello
Acondicionamento do Parque de Cobas en Monforte, incluído honorarios facultativos de dirección de obra	229.782,61 €	4.840,00 €
TOTAL	234.622,61 €	

O concello de Monforte de Lemos achegará os proxectos técnicos; e, no seu caso, memorias técnicas necesarias para a execución das obras, segundo proceda legalmente. O concello aportará tódolos terreos precisos, permisos e autorizacións das obras ou actuacións, para a súa correcta execución e financiará o importe que reste, e resulte necesario para dar cumprimento ao fin común, e de interese público, perseguido; comprometéndose a recibir a obra, aperturala, mantela e dar o servizo á veciñanza destinataria, segundo a natureza e destino do investimento obxecto desta acción colaborativa.



Fundamentos de dereito:

O artigo 111 do Real Decreto Legislativo 781/86 de 18 de abril, do texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, sinala que “as Entidades Locais poderán concertar os contratos, pactos ou condicións que teñan por conveniente, sempre que non sexan contrarios ao interese público, ó ordenamento xurídico ou ós principios de boa administración, e deberán cumprilos a teor dos mesmos, sen prexuízo das prerrogativas establecidas, no seu caso, a favor de ditas Entidades”.

O artigo 47 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público, sinala a definición de convenios, establecendo que “son convenios os acordos con efectos xurídicos adoptados polas Administracións Públicas, os organismos públicos e entidades de dereito público vinculados ou dependentes ou as Universidades públicas entre si ou con suxeitos de dereito privado para un fin común.

Os convenios non poderán ter por obxecto prestacións propias dos contratos. En tal caso, a súa natureza e réxime xurídico axustarase ao previsto na lexislación de contratos do sector público”.

(...)

Este mesmo artigo 47 sinala os tipos de convenios, ao establecer “Os convenios que subscriban as Administracións Públicas, os organismos públicos e as entidades de dereito público vinculados ou dependentes e as universidades públicas, deberán corresponder a algún dos seguintes tipos:

Convenios interadministrativos, asinados entre dúas ou mais Administracións públicas, ou ben entre dous ou mais organismos públicos ou entidades de dereito público vinculadas ou dependentes de distintas administracións públicas... (...).”

En canto aos requisitos de validez e eficacia dos convenios, o artigo 48 da amentada Lei 40/2015, establece “1. As Administracións Públicas poderán subscribir convenios con suxeito de dereito público e privado, sen que elo poida supoñer cesión de titularidade ou competencia; (...); 3. A subscrición de convenios deberá mellorar a eficiencia da xestión pública, facilitar a utilización conxunta de medios e servizos públicos, contribuír a realización de actividades de utilidade pública e cumprir coa lexislación de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira; (...); 5. Os convenios que inclúan compromisos financeiros deberán ser financeiramente sostibles, debendo quen os subscriban, ter capacidade para financiar os asumidos durante a vixencia do convenio; 6. As aportacións financeiras que se comprometan a facer os asinantes non poderán ser superiores aos gastos derivados da execución do convenio; (...); 8.- Os convenios perfecciónanse pola prestación do consentimento das partes. (...)”

En canto ao contido dos convenios, o artigo 49 de Lei 40/2015, sinala que “deberán incluír, polo menos:

Suxeitos que subscriben o convenio e a capacidade xurídica con que actúa cada unha das partes.

A competencia na que se fundamente a actuación da Administración Pública.

O obxecto do convenio e actuacións a realizar por cada suxeito para o seu cumprimento, indicando, no seu caso, a titularidade do resultado obtido.

Obrigas e compromisos económicos asumidos por cada unha das partes, se os houbera, indicando a súa distribución temporal por anualidades e a súa imputación concreta ao orzamento, de acordo co previsto na lexislación orzamentaria.

Consecuencias aplicables no caso de incumprimentos das obrigas e compromisos asumidos por cada unha das partes, e no seu caso os criterios para determinar a posible sanción por incumprimento.



Mecanismos de seguimento, vixilancia e control da execución do convenio e dos compromisos adquiridos polos asinantes.

Réxime de modificación do convenio.

Prazo de vixencia do convenio, tendo en conta:

Os convenios deberán ter unha duración determinada, que non poderá ser superior a catro anos, salvo que por norma se prevea un prazo superior.

En calquera momento, antes de finalizar o prazo previsto, os asinantes poderán acordar de forma unánime a súa prórroga por un período de ata catro anos adicionais ou a súa extinción.

(...)"

O capítulo VI da LRSP non se aplica ás encomendas de xestión, nin tampouco aos acordos de terminación convencional de procedementos administrativos.

A relación de cooperación interadministrativa, coa administración municipal, como aparello técnico- administrativo (acción colaborativa) manexado na proposta e no convenio analizado, ten cabida nos principios xerais de actuación e funcionamento do sector público, nas súas relacións, establecendo no art. 3.1.k da Lei 40/2015, do 01 de outubro que “as administracións públicas, deberán respectar na súa actuación e relacións os principios de cooperación, colaboración e coordinación entre as Administracións Públicas”; ademais resulta coherente cos principios que rexen as relacións interadministrativas tal e como se prevé no artigo 140 da mesma Lei, citando no seu apartado 1.a) “lealdade institucional” e concretando no artigo 141, na súa letra d) que consecuentemente aquelas deberán “Prestar, no ámbito propio, a asistencia activas que as outras administracións puideran recabar para o eficaz exercicio das súas competencias”. Estas relacións interadministrativas enraízan no título III da citada LRXSP.

Na idea de potenciar a colaboración e cooperación entre as administracións públicas para a satisfacción dos intereses xerais nun sistema multinivel de poder público e por ende con intereses,

obxectivos e fins comúns, a Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da administración local, precisa no seu artigo 3.3 que “non se entenderán como o exercicio de novas competencias, (...), f) a colaboración entre administracións entendida como o traballo en común para solventar os problemas comúns que poidan formularse alen do concreto reparto competencial entre os distintos sectores da acción pública de acordo co ar. 193.2 da Lei 5/1997”-LALGA-; precepto este que regula a colaboración entre as administracións públicas autonómicas, e tamén o auxilio administrativo do art. 193.4 da LALGA conceptualizado legalmente como o deber que teñen tódalas administracións de prestarlle apoio e asistencia activa as demais para que estas poidan exercer axeitadamente as súas competencias.

O artigo 30 do RDL 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, sinala:

“1.- A Deputación cooperará á efectividade dos servizos municipais, preferentemente dos obrigatorios, aplicando a tal fin: a) medios económicos propios da mesma que se asignen; b) subvencións ou axudas financeiras que conceda o estado ou CCAA; c) (...) 2.- A cooperación poderá ser total ou parcial, segundo aconsellen as circunstancias económicas dos Municipios interesados.3.- Os servizos a que debe alcanzar a cooperación serán, en todo caso, os relacionados como mínimos no artigo 26 da Lei 7/1985, de 2 de abril.(...). 6.- As formas de cooperación serán: (...) h) Subscrición de convenios administrativos; (...)”

O convenio implementa unha acción pública colaborativa, con mecanismos horizontais como unha manifestación da lóxica evolución do Estado prestacional ao Estado relacional, enfocado a desenvolver prestacións á cidadanía, mediante unha actuación adecuada e sumando esforzos administrativos, ben para acadar un resultado ou unha actividade.

Ademais, estas determinacións cadran co previsto na Lei de desenvolvemento sustentable do medio rural (Lei 45/2007, do 13 de decembro), artigos 2, 3, 34 e concordantes sobre obxectivos, definición do medio rural e financiamento polas administracións públicas das medidas de desenvolvemento do medio rural.



Son fins propios e específicos da Provincia garantir os principios de solidariedade e equilibrio intermunicipais, no marco da política económica e social (art. 31.2 LBRL). De acordo co establecido no artigo 36 LBRL modificado pola LRSAL unha competencia propia da Deputación é “a cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito”. No mesmo senso se pronuncia o artigo 109 da Lei de Administracións Local de Galicia, ao sinalar que “é competencia propia da Deputación, en calquera caso, en xeral, o fomento e a administración dos intereses peculiares da provincia”, subliñando que as competencias propias das Deputacións son ademais das atribuídas polas leis do Estado, as asignadas no mesmo concepto polas leis das Comunidades Autónomas (artigo 36.1 LBRL na súa vixente redacción). Entre as competencias das Deputacións Provinciais, o artigo 36 da citada LBRL sinala: “(...), b) Asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos Municipios, especialmente os de menor capacidade económica e de xestión; (...), d) A cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito. (...)”.

A cooperación da Deputación Provincial, cos concellos, atribúese directamente polo ordenamento xurídico como unha competencia propia (cooperación competencial), aínda así a súa formalización require o consentimento da outra parte (o concello) para evitar que por medio da técnica de cooperación se limite a autonomía e o libre exercicio das funcións municipais.

O municipio de Monforte de Lemos é unha entidade local básica con personalidade xurídica e plena capacidade para o cumprimento dos seus fins, que no seu labor de procura dunha mellora na calidade de vida dos cidadáns, promove actividades e presta servizos públicos que contribúen a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal; exercendo as competencias que lle atribúe como propias o Art. 25 da LBRL, na súa vixente redacción, e nos termos da lexislación do Estado e Autonómica, entre as que enumera “a) Urbanismo: planeamento, xestión, execución ...; b) Medio ambiente urbano: parques, xardíns públicos, xestión residuos sólidos urbanos ...; (...)”

O artigo 26 da Lei 7/85, de 2 abril, de Bases de réxime local, establece que “os Municipios deberá prestar en todo caso: alumeadado público, abastecemento domiciliario de auga potable,

saneamento, accesos a núcleos de poboación, pavimentación das vías públicas; b) Nos municipios con poboación superior a 5.000 habitantes: parque público, biblioteca pública e tratamento de refugалlos”.

A estes efectos, lembrar como a STC 41/2016, de 3 marzo, interpreta o artigo 25 da LBRL (reformado pola LRSAL), declarando que as Leis das comunidades autónomas poden atribuír competencias propias aos Concellos ao igual que outras leis estatais sectoriais.

O concello de Monforte de Lemos, segundo o establecido no convenio, prevese que sexa o órgano de contratación; na licitación do contrato ou contratos e na súa execución, deberá respectarse polo mesmo a lexislación contractual e sectorial de aplicación, segundo as esixencias propias da súa natureza consonte as esixencias legais para cada investimento, sendo responsabilidade dese concello tanto a obtención de autorizacións e licencias como o cumprimento dos condicionantes técnicos e legais para a execución do investimento e das actuacións sinaladas; así como a dispoñibilidade dos terreos necesarios para a execución das obras, recepción, conservación e mantemento e posta en funcionamento, tal e como se especifica no convenio interadministrativo obxecto deste informe. Naturalmente cabe a execución directa das prestacións polo propio Concello, a través de medios propios non personificados, de acordo co previsto no artigo 30 da LCSP.

Sinalar que o convenio interadministrativo se configura como unha relación xurídica bilateral voluntaria, na que concorren competencias e fins comúns a todas as entidades, tanto pola causa, como polos fins e mesmo o seu ámbito, entendendo que a cooperación horizontal interadministrativa contribúe eficazmente á satisfacción dun fin público compartido, colaboración admitida tanto pola lexislación do réxime local estatal e autonómico, como polo artigo 12.4 da Directiva 2014/24, UE, do Parlamento Europeo e do Consello, segundo se recolle na guía de colaboración pública horizontal (público– público), da asesoría xurídica xeral da Xunta de Galicia; e na actualidade asumido e regulado no artigo 31 da LCSP/2017 ao referirse ás potestades de auto organización e sistemas de cooperación vertical e horizontal.

Así, para a consecución do fin común perseguido por ambas administracións, sen vocación de mercado, que é a dotación aos veciños do concello de Monforte de Lemos, da Provincia e da



ciudadanía en xeral das actuacións sinaladas, establécese esta relación bilateral de colaboración e cooperación (acción pública colaborativa) guiadas unicamente por consideracións de interese público, na que se inclúe a seguinte previsión de financiamento e compromisos:

Anualidade	Deputación Provincial de Lugo	Concello de Monforte de Lemos
2019	229.782,61 €	4.840,00 €

Concello de Monforte de Lemos: As obrigas de facer xunto coas achegas relacionadas no Convenio interadministrativo obxecto deste informe, e no cadro precedente.

Esta relación interadministrativa de cooperación enmarcarase, xa que logo, na estrutura dunhas administracións ordenadas para remover os obstáculos que impidan ou dificultan que a igualdade e liberdade dos individuos e dos grupos en que se integran sexan reais e efectivos, especialmente acaído nunha provincia de dinámicas demográficas rurais e poboación envellecida, mellorando os servizos e prestacións dirixidas a cidadanía e equipamentos.

A subscrición deste convenio mellora a eficiencia na xestión pública, contribúe á utilización conxunta de medios e servizos públicos, etc., e ademais encádrase no deber de colaboración e asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos concellos sinalada no artigo 36 da Lei 7/85, de Bases de réxime local. Neste sentido, o propio artigo 57 da LBRL da preferencia á subscrición de convenios, antes que a outras técnicas de cooperación como os consorcios, como un instrumento eficaz na asignación de recursos públicos. No convenio inclúese o cadro orzamentario e de financiamento con cargo a anualidade 2019.

O concello de Monforte de Lemos será titular e responsable da posta en uso e mantemento do resultado da cooperación como previsión a incorporar ao convenio interadministrativo de acordo co previsto no artigo 49 da LRXSP.

Ao presente convenio non lle é de aplicación a Lei de Contratos do Sector Público á vista do disposto no artigo 6 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, que sinala que “quedan excluídos do ámbito

da presente Lei os convenios, cuxo contido non estea comprendido no dos contratos regulados nesta Lei ou en normas administrativas especiais celebradas entre si pola Administración Xeral do Estado, (...), entidades locais, (...)”, precepto que se complementa con artigo 31 da propia LCSP relativo á potestade de auto organización e a cooperación pública horizontal. As entidades participantes non deben ter vocación de mercado; o convenio debe promover unha cooperación para garantir que servizos públicos que lles incumben, se presten de modo que se logren os obxectivos que teñen en común e que o desenvolvemento da cooperación se guíe unicamente por consideracións relacionadas co interese público.

Nestes supostos de relación interadministrativa de cooperación entre administracións públicas, con contraprestacións entre os beneficiarios ou que as administracións que os subscriben ostentan competencias compartidas de execución (ademais de actuar “*conveniendi causa*”), non é de aplicación a lexislación xeral de subvencións, sen prexuízo de tomala como marco de referencia na xustificación dos fondos, de conformidade co establecido no artigo 2.4 do RD 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o RXLS e demais normativa de concordante aplicación. A terse en conta na CCAA de Galicia, o artigo 2.3 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de subvencións de Galicia (Lei 9/2007), que aínda que non resulta aplicable ás EELL, pode tomarse como referencia.

En canto ao órgano competente, sinalar que segundo o artigo 59, apartado 18 do Regulamento Orgánico da Deputación Provincial de Lugo, publicado no BOP nº 56 de data 10 de marzo de 2011 en relación co artigo 54.41 do mesmo regulamento, aplicable de acordo coa circular de Secretaría Xeral en funcións, de data 02 de novembro de 2018, (como consecuencia do acordo da conversión do acto administrativo adoptado en sesión plenaria do 26 de xuño de 2018 polo que se presta aprobación ao Regulamento orgánico publicado no BOP nº 170 do 26 de xullo de 2018) resulta a Xunta de Goberno, atendendo ao importe económico do convenio.

Así pois a proposta de convenio é axustada á regulamentación específica que se contempla nos artigos referidos, polo que se informa favorablemente.

Polo anteriormente exposto, propoño que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:



1º.- Aprobar o texto do convenio interadministrativo de cooperación a subscribir entre a Deputación Provincial de Lugo e o concello de Monforte de Lemos coa finalidade común de colaborar na execución dos fins comúns de Acondicionamento do Parque de Cobas en Monforte, incluído honorarios facultativos de dirección de obra, con un orzamento total de 234.622,61 euros.

2º.- Que se aprobe o gasto en concepto de achega económica, por parte da Deputación, para o financiamento das actuacións contempladas no convenio, que ascende á contía máxima de 229.782,61 euros, con cargo ao vixente orzamento xeral da Deputación de Lugo para a anualidade 2019.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

7.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE GASTO REFERENTE A SERVICIOS E/OU SUBMINISTRACIÓNS DE MATERIAL NON INVENTARIABLE.

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Visto o informe de data 27/11/2019, emitido polo Servizo de Contratación e Fomento, xunto co expediente da súa razón, que na parte súa bastante sinala:

“(…)

Trasládouse dende a Intervención Provincial a este Servizo, factura polo concepto e importe que de seguido se detallan:

Acreedor	Nº Factura	Data de Emisión	Rexistro de Facturas		Importe da Factura			Concepto
			Data de Entrada	Número	Con Contrato	Sen Contrato	Total	
Evalis Galicia, S.A.	U89-13737	31/05/2019	03/06/2019	2019/1931	4.154,49 €	4.712,21 €	8.866,70 €	Subministración no mes de maio do 2019, de penso para a alimentación dos animais da Granxa Provincial Gayoso Castro.
TOTAL					4.154,49 €	4.712,21 €	8.866,70 €	

Visto que consta:

A propia factura con Rexistro de Entrada de Facturas e con dilixencia da Granxa Gayoso Castro, de data 13/06/2019 de que as subministracións están verificadas, precisando o conforme coa cantidade e o prezo, e á súa vez, conformada a factura polo naquela data Deputado Delegado da Área de Medio Rural, Mar e Medioambiente.

Declaración responsable asinada en data 15/10/2019, polo representante de Evialis Galicia, S.A., en modelo normalizado, de que dita entidade ten plena capacidade de obrar e dispón de habilitación profesional necesaria para realizar as prestacións, de que non se atopa incurso na prohibición de contratar, de estar ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias e coa seguridade social, de non ter débedas con esta Deputación, e de atoparse de alta no Imposto de Actividades Económicas nunha actividade acorde ás prestacións desenvolvidas.

Memoria xustificativa do Director da Granxa Gayoso Castro, de data 11/06/2019, explicitando as razóns polas que se incumpriu o procedemento administrativo.

Informes do Director da Granxa Gayoso Castro, de datas 03/10/2019 e 25/10/2019, o primeiro deles en relación coa necesidade de realización das prestacións, e o segundo, en relación coas condicións e prezos da subministración.

Informe deste Servizo, de data 27/11/2019, en relación coa necesidade de realización da prestación incluída en dita factura, incluíndo a xustificación da mesma, por parte do órgano de contratación.

Solicitude de consignación orzamentaria por parte do Servizo de Contratación e Fomento, de data 06/08/2019.

Resolución da Presidencia, de data 18/11/2019, levantando o reparo de Intervención e os seus efectos suspensivos.



Na proposta de decreto sobre discrepancias en relación co recoñecemento de obrigas do ano 2019 con nota de reparo do art. 216.2c) do TRLRFL, de data 14/11/2019, reflíctense os seguintes antecedentes:

“(…)

“Informe de intervención

Asunto: Recoñecemento de obrigas do ano 2019, con nota de reparo do artigo 216.2c) do TRLRFL, por omisión de requisitos e trámites esenciais:

Factura obxecto do presente informe:

Acreeedores	Nº Factura	Data	Importe	Aplicación
Evalis Galicia, S.A.	U89-13737	31/05/19	*4.283,83 € máis 428,38 € en concepto de IVE deducible.	92019/6361
SUMA			4.712,21	

* A factura é por un importe total de 8.060,64 €, máis 806,06 € en concepto de IVE deducible. Total: 8.866,70 €. Resto importe: 3.776,81 € máis IVE, con cargo o contrato.

Logo de ver a factura debidamente conformada, e informe do Director da Granxa Provincial, e do Servizo de Contratación e Fomento, que achegan ca factura, e así como efectuada a comprobación por parte desta Intervención de que a mesma non consta aprobada na contabilidade Provincial.

A que subscribe, en exercicio da función de fiscalización do artigo 4.1a) do R.D. 128/2018, do 16 de marzo, polo que se regula o réxime Xurídico dos Funcionarios da Administración Local con habilitación de carácter nacional, emite o seguinte informe:

Existe consignación adecuada e suficiente no vixente Orzamento Xeral na aplicación que se indica na relación anterior, polo importe total de 4.283,83 €, máis 428,38 € en concepto de IVE deducible. Total: 4.712,21 €.

Segundo o artigo 214 do RD Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (en adiante TRLRFL), a función interventora ten por obxecto entre outros, fiscalizar todos os actos das entidades locais que dean lugar ao recoñecemento e liquidación de obrigas e gastos de contido económico e os pagos que de aqueles se deriven, co fin de que a xestión se axuste ás disposicións aplicables en cada caso.

Polo exposto, e segundo os artigos 215 a 217 TRLRFL, artigos 14 e 15 do RD 424/2017, de 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do Sector Público Local (en adiante RD 424/2017), e base nº 36 de execución do orzamento, a que subscribe pon de manifesto nota de reparo de acordo co disposto no artigo 216.2 c) do TRLRFL, con efectos suspensivos, por desconformidade na tramitación dos gastos que se reflicten na factura obxecto de informe, en canto supoñen gastos realizados sen os trámites de consignación orzamentaria previa, aínda que a teñen, sen fiscalización previa e omitir outros requisitos e trámites esenciais dos procedementos de contratación ao non ter cobertura como contrato menor por ser gastos periódicos e repetitivos de duración superior ao ano e por superar as contías do contrato menor, incumprindo o artigo 29.8 e 118 da Lei 9/2017 do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, en consecuencia, falta procedemento de contratación e aplicación das regras contidas na citada normativa contractual, ase como incumprimento da normativa orzamentaria por carecer da autorización e compromiso previo ao recoñecemento ou liquidación da obriga, segundo os artigos 184 do TRLRFL, 54, 56 e 58 do RD 500/90 do 2 de abril, polo tanto incumprindo requisitos esenciais aos efectos do artigo 216.2.c) do TRLRFL, tal como recolle a base 36 de execución do orzamento 2019, considerando requisitos ou trámites esenciais os extremos a verificar en réxime de requisitos básicos e adicionais aprobados polo Pleno, en aplicación do artigo 13 do Rd 424/2017.

Segundo o artigo 217 do TRLRFL e 14 15 do RD 424/2017, cando o órgano ao que afecte o reparo non este de acordo con este, plantexará ó Presidente da entidade local unha discrepancia no prazo de 15 días, esta deberá ser motivada, por escrito, con cita dos preceptos legais en que sustente o seu criterio.



Resolta a discrepancia poderase continuar coa tramitación do expediente, deixando constancia en todo caso, da adecuación ao criterio fixado na resolución correspondente ou, no seu caso, á motivación para a non aplicación dos criterios establecidos polo órgano de control. A resolución da discrepancia e indelegable, deberá recaer no prazo de 15 días, sendo executiva.

De acordo co artigo 218.3 do TRLRFL o órgano interventor remitirá anualmente ao Tribunal de Contas todas as resolucións e acordos adoptados polo Presidente da Entidade Local e polo Pleno contrarios os reparos formulados.”

Informe da unidade xestora relativo ao informe de intervención, sobre recoñecemento de obrigas con nota de reparo do Art. 216.2c) do TRLRFL.

“(…).

O penso composto é absolutamente imprescindible para garantir unha correcta alimentación dos animais, e polo mesmo manter o status de saúde e benestar dos animais.

O contrato de subministro de penso composto para a alimentación dos animais da Granxa Gayoso coa empresa EVIALIS GALICIA, S.A. rematou o 3 de maio de 2019, estando en tramitación un novo contrato para o subministro de penso, pero aínda non estaban rematados tódolos trámites do mesmo e dado que era necesario adquirir penso composto para alimentar adecuadamente os animais da Granxa Provincial, continuou realizando a subministración ata o día 10 de maio de 2019, pois de outro xeito non estaría garantida a saúde dos animais e incumpríriase toda a normativa sobre benestar animal nas explotacións (de obrigado cumprimento en calquera explotación).”

Consideracións

Na citada solicitude de consignación orzamentaria deste Servizo, de data 06/08/2019 explícitanse as circunstancias polas que se incumpriu o procedemento xurídico– administrativo, segundo o detallado na memoria xustificativa da Granxa Gayoso Castro.

Así mesmo, precisar que na data na que se realizaron as subministracións posteriores ó 03/05/2019 incluídas na factura, xa tiña rematado (finalizou o día 03/05/2019), o contrato de subministración de penso composto (concentrado) para a alimentación do gando vacún da Granxa Gayoso Castro (EXP00024SU17-ABO), e aínda que xa se tiña iniciado (con data 22/02/2019) o procedemento para unha nova contratación de dita subministración (EXP0017SU19-ABO), todavía non se formalizara o correspondente contrato administrativo (asinado en data 23/08/2019), nin a acta de inicio (asinada en data 04/09/2019).

De modo que levantado o reparo, o recoñecemento da obriga facturada debería tramitarse por este procedemento específico, establecido nas bases de execución do orzamento para situacións ou eventualidades, como a que nos ocupa.

Xa que existe unha prestación cuxa necesidade foi xustificada pola unidade xestora e da que consta a súa realización e que resulta fonte de obrigas a doutrina do enriquecemento inxusto, aplicada de xeito pacífico en materia contractual en supostos de prestacións realizadas en semellantes supostos ós analizados, isto é, derivadas aquelas de contratos cuxo prazo de duración rematou (cítanse a título de exemplo a STS de 30-10-1989, RJ 1989, 7396; e Sentenza 203/2011 do 3 de marzo do TSXG, JUR/2011/156734).

Entendemos aplicable dita figura ó ter percibido esta administración vantaxe derivada da entrega dunha cousa ou a recepción dun servizo; e producíndose ao mesmo tempo un empobrecemento do terceiro, que pretende a satisfacción ou contraprestación recíproca, constando así mesmo documentada a efectiva realización dunha subministración ou prestación dun servizo.

A estes efectos, reiterar, que no expediente están xustificadas por empregados públicos as prestacións e as condicións nas que se desenvolven, idénticas as do último contrato adxudicado antes da realización das mesmas (EXP00024SU17-ABO).

En calquera caso, o Servizo de Contratación e Fomento é alleo ás decisións que motivaron a prestación nas condicións descritas, sinalando mediante a presente o procedemento a seguir cando se dan situacións como as que nos ocupan e o órgano competente.



Compre recordar ó centro xestor dando traslado do acordo que se adopte con respecto a presente, que se deben minimizar os supostos nos que se incorre na irregularidade que motiva o reparo que unha vez levantado conserva os efectos previstos na base 20.4 de execución do orzamento desta deputación para o ano 2019.

A factura relacionada neste informe, é obxecto de tramitación, aplicando analóxicamente (artigo 4.1 do Código Civil) a Base de Execución Nº 20 e concordantes do Orzamento desta Deputación para o ano 2019, coas mesmas condicións económicas e prestacións que no último contrato.

A competencia para a súa aprobación corresponderá á Xunta de Goberno dentro da Deputación Provincial que resulta ser o órgano de contratación, unha vez levantados os reparos suspensivos da Intervención Provincial formulados consonte ao establecido no artigo 216.2.c do TRLFL, en aplicación do artigo 217.1 do mesmo texto legal.

Dita atribución competencial, se produce considerando o carácter anual da prestación e o carácter repetitivo da mesma, a factura non é susceptible de tramitarse como contrato menor, unido a que a prestación que reflicte se corresponde cun procedemento de licitación naquela época en fase de adxudicación/ou sen formalizar o contrato ou a acta de inicio, cuxa competencia é da Xunta de Goberno.

Neste senso, o Regulamento Orgánico da Deputación Provincial de Lugo, publicado no B.O.P. de Lugo Nº 056 do 10 de marzo de 2011, establece no artigo 59 as atribucións da Xunta de Goberno, Adxudicar todos os contratos de obras, servizos, subministracións e xestión de servizos públicos, especiais e privados, de contía superior á determinada para contratos menores e cuxa competencia non estea reservada ao Pleno da Corporación.

Así mesmo a competencia sobre contratos alcanzará a aprobación do gasto, a interpretación, modificación, suspensión e a súa resolución, agás cando se trate de indemnizacións cuxa competencia lle corresponderá ao órgano orixinariamente competente.

Conclusión

Por todo o exposto, coas matizacións e consideracións formuladas ao longo deste informe, e existindo consignación orzamentaria axeitada e suficiente consonte co informe de intervención invocado, para facer fronte ao gasto proposto, tratándose dun gasto realizado no exercicio orzamentario de 2019, e xustificado por analoxía ós requisitos fixados na Base 20 das BEO de aplicación, considerando a interdicción do enriquecemento inxusto, poderase tomar acordo pola Xunta de Goberno, de aprobación da prestación executada propia dun contrato administrativo de subministración, o recoñecemento da obriga e o pagamento da seguinte factura, en virtude do principio do enriquecemento inxusto:

Acreedor	Nº Factura	Data de emisión	Importe	Concepto
Evalis Galicia, S.A.	U89-13737	31/05/2019	4.712,21 €	Subministración no mes de maio do 2019, de penso para a alimentación dos animais da Granxa Provincial Gayoso Castro.
TOTAL			4.712,21 €	

(A factura é por un importe total de 8.866,70 € (I.V.E. engadido), e o resto do importe, é dicir 4.154,49 € son con cargo ó contrato de subministración de penso composto <concentrado>, para a alimentación do gando vacún da Granxa Gayoso Castro EXP00024SU17-ABO).

Así mesmo, darase traslado deste acordo, ó Centro Xestor.

Tal é o que se informa sobre este particular, con sometemento a calquera outro criterio mellor fundado en dereito. (...).”

Por canto antecede, propónse que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte Acordo:

1º.- Aprobación a prestación executada, propia dun contrato administrativo de subministración, recoñecer a obriga e o pagamento da seguinte factura:



Nº U89-13737 de data 31/05/2019 emitida por Evialis Galicia, S.A., correspondente á subministración no mes de maio do 2019, de penso para a alimentación dos animais da Granxa Provincial Gayoso Castro, por un importe de 4.712,21 €.

(A factura é por un importe total de 8.866,70 € (I.V.E. engadido), e o resto do importe, é dicir 4.154,49 € son con cargo ó contrato de subministración de penso composto <concentrado>, para a alimentación do gando vacún da Granxa Gayoso Castro EXP00024SU17-ABO).

2º.- Dar traslado deste acordo ó centro xestor.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

8.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA 1ª MEDIDA DENTRO DA FORMACIÓN PARA O EMPRENDEMENTO E PROMOCIÓN DA CULTURA EMPRENDEDORA. PROGRAMA PRENDE NO RURAL (“PRENDE”).

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda deixar o presente asunto sobre a mesa.

9.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE CONTA XUSTIFICATIVA DA SUBVENCIÓN OUTORGADA DENTRO DO PROGRAMA DE APOIO AO SECTOR AGROGANDEIRO NA PROVINCIA DE LUGO, ANO 2018 “RECUPERACIÓN E INCORPORACIÓN DE TERRAS PARA POSTA EN PRODUCCIÓN DE RECURSOS AGROGANDEIROS”; EXPEDIENTE SUBAGR-2018/117.

Logo de ver a proposta do Sr. Deputado Delegado da Área de Cooperación e Asistencia aos Concellos:

“Con data 21 de decembro de 2018 a Xunta de Goberno acordou estimar a solicitude tramitada co número de expediente SUBAGR-2018/117, correspondente á sociedade civil Ganadería Caceiros, S.C. (O Saviñao), destinada á incorporación de terras para a súa posta en

produción, cunha superficie de 3,07 Has, concedéndolle unha subvención por importe de 1.535,00 €, incluída no Programa de apoio ao sector agrogandeiro na provincia de Lugo, ano 2018, Recuperación e incorporación de terras para a posta en produción de recursos agrogandeiros.

A sociedade civil Ganadería Caceiros, S.C., presentou fora do prazo establecido a conta xustificativa correspondente á devandita subvención, con todo, realizou as actuacións en forma e condicións establecidas nas bases reguladoras destas subvencións aprobadas o 10 de agosto de 2018.

Sobre a conta xustificativa emitíronse informes técnicos favorables, acerca do grado de cumprimento dos fins para o que se concedeu a subvención, a adecuación dos gastos realizados e a documentación presentada polo beneficiario, pola súa parte, Intervención fiscalizou de conformidade a mesma.

Polo anteriormente exposto, propónse á Xunta de Goberno a adopción do seguinte acordo:

Aprobar a conta xunto coa documentación xustificativa da subvención outorgada con data 21 de decembro de 2018 por acordo da Xunta de Goberno, a favor da sociedade civil Ganadería Caceiros, S.C., tramitada co número de expediente SUBAGR-2018/117, destinada á “Incorporación de terras para a súa posta en produción” por un importe de 1.535,00 €, así como o aboamento da mesma.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

10.- COMPARECENCIA NO RECURSO CONTENCIOSO ADMINISTRATIVO NÚMERO 369/2019-A.

Logo de ver o escrito remitido polo Xulgado do Contencioso Administrativo nº 1 de Lugo, polo que se reclama a esta Entidade, entre outros, o expediente administrativo do recurso nº 369/2019-a, interposto por D^a. Elaine Allan Leng, fronte á desestimación da reclamación de responsabilidade patrimonial (expediente 10/2015) formulada polos danos sufridos pola recorrente



como consecuencia de caída de bicicleta na que circulaba pola estrada LU-P-5906 ao seu paso polo Concello de Sober, a Xunta de Goberno por unanimidade dos asistentes acorda:

1º.- A comparecencia desta Entidade no recurso Contencioso Administrativo referenciado.

2º.- A remisión do expediente ao Xulgado do Contencioso Administrativo nº 1 de Lugo, pola Unidade Administrativa encargada da súa elaboración.

3º.- O emprazamento de todos os que aparezan como interesados no procedemento, incluído a compañía aseguradora se fora preciso.

11.- COMPARECENCIA NO RECURSO CONTENCIOSO ADMINISTRATIVO NÚMERO 377/2019-A.

Logo de ver o escrito remitido polo Xulgado do Contencioso Administrativo nº 1 de Lugo, polo que se reclama a esta Entidade, entre outros, o expediente administrativo do recurso nº 377/2019-A, interposto por ALLIANZ SEGUROS Y REASEGUROS, S.A. fronte á desestimación da reclamación de responsabilidade patrimonial formulada polos danos sufridos nun vehículo como consecuencia dun accidente de circulación na estrada LU-P-5101 de Rábade (N-VI) a Friol (LU-232) P.K. 1,2 debido á irrupción dun corzo na estrada, a Xunta de Goberno por unanimidade dos asistentes acorda:

1º.- A comparecencia desta Entidade no recurso Contencioso Administrativo referenciado.

2º.- A remisión do expediente ao Xulgado do Contencioso Administrativo nº 1 de Lugo, pola Unidade Administrativa encargada da súa elaboración.

3º.- O emprazamento de todos os que aparezan como interesados no procedemento, incluído a compañía aseguradora se fora preciso.

12.- COMUNICACIÓNS DA PRESIDENCIA.

Non se presentan.

13.- ROGOS E PREGUNTAS REGULAMENTARIAMENTE FORMULADOS.

Non se formulan polos señores Deputados.

E non habendo máis asuntos de que tratar, a Presidenta levanta a sesión, sendo as once horas e vinte cinco minutos do día de referencia, de todo o cal eu, a Secretaria, certifico.